

Proxecto 4

PROXECTO EDA2008 DESENROLO DO PROXECTO

José Luis Mayobre Antón (I.E.S. De Mugardos - Mugardos)

Estratexias na aula:

O grupo de alumnos/as cos que realicei o proxecto foi un “Agrupamento de 2º ESO”, o cal so ten 6 alumnos, pertencentes a dúas aulas de 2º.

Dende un primeiro momento dispuñemos da Aula de Informática, xa que pedina a finais do curso pasado, en previsión de que este curso levaría a cabo o proxecto.

A principios deste curso expliqueille aos alumnos/as en que ía consistir a experiencia e indiqueilles que se trataba dunha forma diferente de aprender e que tiñan que estar moi atentos, xa que se trataba de algo moi serio e os ordenadores íamos empregalos para aprender e non para outros menesteres.

Indiqueilles aos alumnos/as que os que dispuxeran de ordenador na súa casa (5 de 6) podían realizar as unidades na súa casa. Só un dos alumnos accedeu á web Descartes pola súa conta, na súa casa.

Ao principio de cada unidade entregueilles aos alumnos/as as follas de traballo que ían utilizar. Cada unha delas indicaba a dirección exacta da unidade didáctica empregada e o apartado concreto dentro de dita unidade.

Como o grupo de alumnos/as da experiencia é moi pequeno, cada un deles dispón dun ordenador e cada día seguían individualmente o traballo de cada un.

Cada día expliquei, empregando o canón de proxección, o método de traballo a seguir e realizábase unha práctica conxunta. Posteriormente cada alumno/a continuaba individualmente ao seu propio ritmo.

Metodoloxía:

O alumno/a ten que descubrir os conceptos por si mesmo/a, para o cal é guiado/a polo profesor durante dito proceso, sempre que o necesite.

Faiselles ver que van ir aprendendo, pouco a pouco, as cousas con máis facilidade e que se irán acostumando ó uso do ordenador como ferramenta habitual na vida ordinaria.

Tódolos días insistín aos alumnos/as da necesidade de ler na pantalla do seu ordenador as indicacións de cada apartado..

Realizan as actividades nas esceas seguindo as explicacións lidas.

Unha vez adquiridos os contidos necesarios realizan os exercicios das follas de traballo, os cales foron obtidos do seu libro de texto.

Cando a maioría dos alumnos/a do grupo tiñan unha dificultade común aclarábase a dificultade xurdida a todo o grupo, para o cal empregábase o ben o canón de proxección ou o propio encerado.

Os alumnos/as realizaban a gran maioría das esceas da unidade estudada, algunhas delas con contadores de acertos.

Desenrolo:

Días 19, 22 e 23 de setembro: repaso de 1º ESO.

Día 25 de setembro: comezo da experimentación con Descartes.

Durante o desenvolvemento das sesións de traballo observei individualmente as prácticas realizadas polos alumnos/as para resolver as dúbidas e para intentar mellorar posibles experiencias posteriores.

Durante o desenvolvemento da experiencia producíronse diferentes incidencias:

- Dous días fallou a conexión a internet, por causas alleas ao noso centro, e realizamos as actividades das follas de traballo empregando o método tradicional de caderno e encerado.
- Outros dous días non houbo alumnos:
Un día por unha viaxe en bicicleta que realizaron a metade dos alumnos do centro, que ademais serviúlles para coñecer o contorno do seu centro.
E outro día foron a realizar actividades culturais e deportivas “Deporte Escolar”
- O ritmo de traballo e aprendizaxe do grupo foi bastante lento. Dous alumnos e unha alumna aínda teñen as matemáticas de 1º de ESO pendentes, non están moi motivados. Para ditos alumnos/as fixen unhas actividades de reforzo de 1º que debían ir entregándome segundo as foran rematando, folla a folla. Non conseguín que ningún dos tres levara ao día ditos exercicios.
- As follas de traballo, que en principio programei para cada sesión, resultaron ser demasiado extensas para unha xornada.

As unidades estudadas foron:

- Números enteiros: Programada para 8 sesións..... Necesitamos 12 sesións
Do 25 de setembro ao 16 de outubro (o día 14 fixeron unha excursión en bici)
A maioría dos alumnos, tiveron e teñen todavía, gran dificultade na xerarquía das operacións e no traballo con números negativos.

Proba de números enteiros: 2-10-08 (1/6 aprobados)

Boletín de exercicios sobre números enteiros: 6-10-08 (1/6 aprobados)

- Fraccións: Programada para 6 sesións..... Necesitamos 13 sesións
Do 17 de outubro ao 10 de novembro (o venres 31 non tivemos clase)
Á maioría dos alumnos cóstalles, de novo, a xerarquía das operacións e as sumas e restas con fraccións.

Examen de Número enteiros e fraccións: 17-11-08 (2/6 aprobados)

- Números decimais: Programada para 5 sesións..... Necesitamos 8 sesións
Do 11 de novembro ao 28 de novembro (o luns 17 foi o examen de enteiros e fraccións, o martes 18 corriximos o examen, e o martes 25 foron a actividades de “Deporte Escolar”)

- Sistema sesaxesimal: Programada para 4 sesións.....Empregamos 2 sesións
Luns 1 e martes 2 de decembro
Ademais de traballar coa unidade didáctica de 2º ESO “Medida del tiempo y de los ángulos”
os alumnos/as aprenderon a realizar operacións coa axuda da calculadora.

Xoves 4-12-08 preparación do examen de avaliación.

Examen de avaliación: 5-12-08

(3/6 aprobados)

A unidade didáctica de expresións alxébricas, que nun principio tiña programado para a 1ª
avaliación, dentro do proxecto EDA non puido ser tratada antes do día 5 de decembro e, se o
alumnado está disposto a continuar co proxecto, será estudada igual que as anteriores.